

Ordo iuris. Storia e forme dell'esperienza giuridica

VV. AA.

Giuffrè Editore, Milano, 2003. 419 pp.

Pouco antes de morrer, Italo Calvino preparaba un ciclo de conferencias para a Universidade de Harvard, nas que reflexionaba sobre o futuro da literatura –de toda a literatura–. Iniciaba este ensaio o malogrado escritor italiano cunha reflexión de peso, unha sorte de declaración de sas intencións, de dogma no que crer e co que espantar os negros presaxios que o destino parecía traer para o home contemporáneo. A súa fe no futuro da literatura facíalle saber, a pesar de todas as obxeccións e de todas as innovacións que nos traería o porvir, que había certas cousas que soamente a literatura podía ofrecer e darlles aos seus seguidores cos seus medios específicos, cos seus recursos propios e coas súas fontes características. Esa nova literatura da época posmoderna, caracterizada no seu estilo pola súa levidade, a súa rapidez, a súa exactitude, a súa visibilidade, a súa multiplicidade e a súa complexa arte de rematar e de comezar¹, era o punto de partida para unha era na que se mantivo ou se fixo renacer, segundo os casos, a confianza cega no ser humano. Con estes elementos, estaríamos preparados para afrontar a renovación estilística do novo milenio no que agora vivimos. Como mencionabamos ao principio, as ideas defendidas por Calvino eran predi-

¹ Vid. CALVINO, I., *Seis propuestas para el próximo milenio*, Ediciones Siruela, S.A., Madrid, 1998.

cadras de toda sorte de literatura, incluída a científica e a xurídica. Non é sorprendente, pois, que estes resultados materiais florentinos que agora pasamos a comentar teñan unha notoria influencia das ideas do escritor italiano e que eses requisitos de toda obra literaria sexan, así mesmo, predicables da produción científica do Centro di Studi per la Storia del Pensiero Giuridico Moderno da que presentamos este último resultado.

O primeiro apartado do título que esta obra presenta, *Ordo iuris*, a orde do dereito, revela, ás claras, a orixe, a procedencia e o destino desta. A orde xurídica é unha clara alusión ao historiador que teorizou dende hai máis de trinta anos sobre o carácter esencial que para o mundo do xurídico presenta este concepto, a idea de ordenación. Referímonos ao mestre florentino Paolo Grossi. A súa sabedoría, a súa pedagogía atractiva e cativadora e a súa inmensa produción científica súmanse a unha acentuada compoñente de modestia que lle levou no seu día a rexeitar unha homenaxe ao estilo antigo (un *Liber Amicorum* ou un *Festschrift*). Non obstante, os discípulos formados nas aulas florentinas e no *Centro di Studi* uníronse para brindarlle este volume de colaboracións heteroxéneas, iniciadas cun sinxelo «A Paolo», que serve para honrar tanto ao mestre coma aos seus discípulos. Un libro que en boa parte é o conglomerado final da obra de Grossi, posto que as súas inquietudes, as súas palabras e as súas ideas aparecen por todas as partes, como se estivese observando, sempre dentro do respecto á discrepancia, a obra dos seus discípulos. Un libro que é a culminación do seu pensamento, recollida de froitos sementados por Grossi e xerminados en cabezas alleas. A orde do dereito, dicimos, porque aparece o xurídico como un todo coherente de principios, de regras e de valores, porque se converte no vehículo que serve para transitar dunha pluralidade de accións, de intereses e de expectativas a un conglomerado unitario e cohesionado e porque o dereito acaba desembocando, tanto nos seus desexos coma nas súas manifestacións concretas, nunha orde, nun sistema e nunha pauta coherente, congruente e cohesionada. O dereito responde á dobre esixencia do fluír cotián da experiencia (variable e múltiple) e a de que aquela teña unha forma articulada de acordo cunhas regras e cuns principios. O cambio *versus* a estabilidade. O dereito aparece así como unha forma da experiencia, mais non como unha forma única, non como unha forma inmodificable, ríxida e pétrea. Dirase na introdución (p. 9) que non é unha camisa de forza imposta, dende o exterior e dende o alto, a unha dinámica social que podería e quereda prescindir desta. Non son un conxunto de regras que un lexislador, que todo o pode e todo o observa, predispón nun acto despótico de vontade. É unha dimensión interna da interacción social, unha manifestación de unidade no social, no vital. Para cumprir con este seu cometido, o dereito expándese cunha función ordenadora na cal cobran un papel protagonista non só os produtos lexislativos ou consuetudinarios que escenifican no seu rostro exterior a esencia mesma do xurídico, senón tamén a interpretación e a aplicación desas regras; non só as eleccións imperativas do poder político, senón as conceptualizacións refinadas do propio saber xurídico.

Todas estas compoñentes serven para a edificación, en última instancia, da orde xurídica. Asumidos estes valores de partida, vese o dereito como expresión da experiencia, como xerador de novas e imprevisibles formas, como equilibrio entre o saber e o poder, entre a autoridade e a potestade. É esta a liña que vai guiar boa parte dos traballos compilados, con algúns matices, pero sempre respondendo a esa frutífera exposición que Grossi tratou de calcar e de defender ao longo da súa carreira académica. Un saber xurídico que, segundo se nos narra na introdución (p. 12), é unha das forzas ordenadoras do dereito do que se vale el mesmo para darlle forma á experiencia, ao mesmo tempo que se proxecta como unha representación da realidade externa. A duplicidade do saber xurídico implica, polo tanto, coñecer a súa dobre natureza: é unha forza que ordena e é unha representación –selectiva– da experiencia xurídica mesma. Desta maneira, vale como formalización da mesma realidade empírica a través dun xogo de espellos, de dobres e triplos reflexos, que van debuxando os perfís exactos da construción cultural que o dereito implica en toda a comunidade política e social. As pegadas da formulación grossiana, xunto ao gusto por certos temas típicos do taller florentino (a relación entre os feitos e o dereito, o estudo da ciencia xurídica, a iconografía xurídica), dan pé a esta máis que merecida homenaxe ao profesor florentino. A introdución advírtenos, así mesmo, doutra característica da escola de Florencia (p. 14): o rexeitamento de todo dogmatismo, de toda verdade única, de todo monólogo monolítico, das ideoloxías globais e universais admitidas sen a máis mínima discusión, sen o menor espírito crítico. Ao contrario, deféndese a busca dun diálogo, tal e como veu mantendo ao longo do seu maxisterio Paolo Grossi, o intercambio civilizado de puntos de vista, de perspectivas, o respecto máximo á alteridade, ao pensamento do outro e á autonomía dese interlocutor. A tolerancia ou, máis ben, o respecto, como puntos de arranque dunha obra que non pode ser cualificada, en sentido estrito, produto de escola, se por «escola» entendemos rixidez dogmática e uniformidade case coactiva. O contrario está na orixe deste libro: a flexibilidade e a multiplicidade; o antidogmatismo e a variabilidade do pensamento, que conduce a unha escola heteroxénea onde coexisten xuristas preocupados pola historia, pero tamén por outras disciplinas que han de ser as vías ou as canles que nos leven a unha mellor comprensión do fenómeno xurídico na súa integridade.

Tras a breve introdución (pp. 11-14), Raffale Volante inicia a exposición coa súa colaboración, «Fatto normativo e interpretatio iuris. La definizione del possesso nel Diritto Comune», (pp. 1-39), tema este guiado por claras reminiscencias grossianas. O feito como presuposto do dereito, a realidade como laboratorio ou taller de complexas experiencias que cristalizan finalmente no resultado normativo. A forza dos feitos encadra e modula o dereito, do que non é soamente obxecto, senón produtor. A propia natureza das cousas ordena aquelas. O momento medieval, oposto ao moderno, chega aquí ao seu máximo esplendor e adquire o seu paradigma co exemplo da posesión, feito que devén en dereito, e realidade que devén en categoría xurídica. Incluso na época do dereito común,

esta realidade non diminúe, non muda a capacidade normativa do feito, senón a necesidade de comprender as manifestacións de tal forza insuprimible no seo das categorías que ofrece a magnífica arquitectura do *corpus xustiniano* (p. 3); o cambio, pois, de perspectiva. O encontro entre a normativización intrínseca, derivada do mesmo feito, e a normativización extrínseca, que arrinca da norma que describe eses feitos e se formula mediante unhas regras (regras que determinan cales son os elementos que deben existir para producir efectos xurídicos), é evidente. A solución pasa polo equilibrio entre a normativización do feito e a normativización que deriva da enunciación da propia regra extractada agora dos textos romanos antigos e autorizados. A posesión, dicíamos, é onde mellor se acha esta harmonía, esta orde, dende as primeiras manifestacións da glosa (*Summa Trecensis*, Placentino, Juan Bassiano) ata a primeira formulación completa que elabora Azzo de Boloña (que fixa os elementos capitais da posesión: as cousas corporais, o *animus possidendi*, o *adminiculum iuris* ou os actos de lexitimación por parte do dereito do acto material de aprehensión). Vaise construíndo a nítida distinción entre o momento fáctico e o momento xurídico da posesión, partindo dunha visión uniforme desta, que pouco a pouco vai dando paso ás críticas e ás argumentacións en contra das opinións tradicionais (Cino de Pistoya, Jacques de Révigny, Dino del Mugello), ata concluír coa elaboración máis depurada e completa de Bártolo de Sassoferrato, quen considera a posesión como un dereito porque non pode ser confundida coa simple retención das cousas (mero feito) e cuxo contido consiste na relación material que o titular pode ter co ben, non na facultade de dispoñer deste, nin na capacidade de reivindicación fronte a terceiros, prerrogativas todas elas do propietario. Así mesmo, Bártolo diferencia tres clases de posesións (a corporal, a natural e a civil), nunha clara mostra do pensamento maduro dese estilo xurisprudencial italiano que se inaugura baixo o nome de comentaristas, dos cales é o seu representante máis egrexio.

A liña seguida, Mario Sbriccoli, «La benda della giustizia. Iconografía, diritto e leggi penali dal Medioevo all'Età Moderna», (pp. 41-95), cambia de terzo. Abandónase a reflexión puramente xurídica e baseada en categorías xurídicas, para observar o dereito dende outra perspectiva non menos importante. O catedrático de Macerata amosa un programa iconográfico que arrinca do dereito medieval ata o dereito moderno. Ten por obxecto a xustiza, a súa representación e a inserción paulatina de varios símbolos por parte dos artistas como a venda que vai adquirir paulatinamente o significado de ausencia das paixóns (reflectedo na cegueira absoluta que debe guiar a súa actuación) e do coñecemento previo das pretensións das partes, que se traduciría nun triunfo na práctica da obxectividade e da imparcialidade, calidades que se lle atribúen a esa deusa virtuosa, e que se suman á balanza e á espada, símbolos xa tradicionais. Unha venda que vai ser colocada por un tolo que leva posto un bonete con ferreñas, ao estilo dos bufóns medievais, sobre os ollos da xustiza na obra de Sebastião Brant, *Das Narrenschiff*, publicada en Basilea en 1494. Venda de orixe

centroeuropea, polo tanto, que pon de relevo o carácter diverso e disperso que xera esta iconografía. Sbriccoli afirma que as plurais representacións da xustiza son manifestacións das diversas conxunturas que atravesara a xustiza penal e da súa evolución, cunha clara finalidade programática, non decorativa, nin simplemente accesoria. A imaxe comunica; a forza ilustra, sobre todo, a aquelas persoas que non teñen acceso directo aos libros xurídicos, ben por carecer de capacidade para lelos, ben por non ser capaces de comprendelos. É pedagóxica, exhortativa e intimidatoria nalgúns casos. Trázase o periplo dende as representacións máis antigas datadas no século XII, comezando polas que figuran nas *Quaestiones de Iuris Subtilitatibus*, onde a xustiza aparece acompañada da razón e da equidade, expresións depuradas das virtudes supremas ás que conduce o xusto. A xustiza como virtude que vai dando paso, paulatinamente, á conformación desta como unha categoría política e ética, unha mediadora ideal (p. 58), unha actriz primaria e un instrumento privilexiado da emersión dunha nova forma política que, coa finalidade de asegurar a orde e gañar unha certa hexemonía, absorberá de modo progresivo, dentro da idea de xustiza, as diversas maneiras de resolución dos conflitos, impondo o dereito da república e dando vida ao dereito penal. A segunda metade do século XIII, coa consolidación das autonomías urbanas, supón un reforzo da Administración de xustiza que vai perdendo o seu carácter de antiga virtude, de antiga mediadora entre o ceo e a terra. Secularízase a idea do *iustum*. A xustiza identifícase xa coa xustiza penal. Exemplos claros aparecen nas esculturas de Giotto (Capela dos Scrovegni de Padua) ou nas pinturas de Lorenzetti (Palacio comunal de Siena), vencellada, neste último caso, ao ideal do bo goberno, como un dos seus efectos ou das súas consecuencias máis depuradas. Será Andrea Pisano, no campanario da catedral de Florencia, o que introduza por vez primeira o símbolo da espada, a mediados do século XIV. A xustiza non é a amigable compoñedora de antano, negociadora, xusta e arbitral, senón que se reivindica xa o poder de castigar. A balanza e a espada son consubstanciais nas representacións italianas posteriores, caso de Vannucci e de Rafael, no tránsito do século XV ao XVI. Porén, e fronte a estas construcións tipicamente italianas, a finais do século XV, concretamente no ano 1494, aparece ese tratado de Brant no que a xustiza leva os ollos vendados por obra dun tolo. Sbriccoli entende que se deron varios pasos neste camiñar respecto á significación do acto de vendar á xustiza; en primeiro lugar, simboliza a actuación desa xustiza culta e novidosa, vinculada ao dereito común, que lle é allea aos sentimentos populares, ao vello dereito consuetudinario (o cal garante o éxito desta, a súa difusión editorial traducida en múltiples reedicións, traducións, versións dialectais, etc.); en segundo lugar, a figura da xustiza cega (tal e como aparece na portada da *Constitutio Criminalis Bambergensis*, do ano 1507) reemprázase pola figura dos xuíces vendados. O seu significado é bastante claro pois simbolízase a reforma auspiciada pola mencionada constitución, que basea a lexislación penal novamente no dereito común fronte aos costumes punitivos e procesuais da dita rexión; e en terceiro lugar, a *Constitutio Crimina-*

lis Carolina, do ano 1532, que fixa de modo definitivo para os territorios do imperio unha nova lexislación penal e unha nova idea de xustiza que se superpón á tradicionalmente estilada. Como di Sbriccoli, un dos mellores coñecedores da lexislación penal do antigo réxime, aparece unha xustiza que se aparta das xurisdicións locais, á súa lóxica e ao seu estilo de condución, unha xustiza non negociable, privada de mediación, represiva, non pedagóxica nin medicinal, re-xida por xuíces formados nese novo dereito, vinculados á lei con solemne xuramento e con acordo a unha lóxica que se aparta dos precedentes prácticos inveterados e compartidos (pp. 86-87). Unha xustiza que agora si debe ser imparcial, á marxe da calidade das persoas, da súa pertenza social e dos seus méritos ou reputación. A lei débese obedecer porque é a lei e nela áchase a xustiza (p. 88). A venda agora é o símbolo desa nova actitude. Xunto á venda vaise desenvolvendo outro elemento simbólico, o xeonllo espido da xustiza, que é a manifestación da clemencia. A xustiza é xusta coa balanza; é potente e severa coa espada; é imparcial e terrible coa venda e é clemente e benigna con ese xeonllo espido que, dende a época clásica, é o lugar do corpo humano no que reside a piedade e a benignidade, a magnanimidade e a clemencia do potente: «Il ginocchio rinvia dunque alla clemenza (al perdono, o alla stessa aequitas) e corona l'immagine della Giustizia agenda quasi da clausola (...). L'allegoria progredisce (la benda valorizza la bilancia (Perelman), dal verdetto della bilancia dipende l'azione della spada, che non dimenticherà il carisma del ginocchio) ed assume una circolarità che le dà compiutezza», (p. 95). Deste modo, péchase o círculo da representación, anoando todos os valores e as virtudes que se achegan á idea de xustiza.

O profesor Giovanni Rossi, «Dottrine giuridiche per un mondo complesso. Autonomia di ordinamenti e poteri pazionati in un consilium inedito di Tiberio Deciani per la comunita di Fiemme (1580)», (pp. 97-136), aborda na súa colaboración un interesante tema que serve de argumento para esbozar outros asuntos colaterais. A vida xurídica do val do Fiemme, comunidade situada ao norte de Italia, fundada sobre a base dunha autonomía orixinaria cunha organización simple e rudimentaria, pero eficiente, lonxeva e resistente, que comeza na época medieval. O dominio exercido polo bispo de Trento e os condes do Tírol non é un obstáculo para a paulatina conformación dunha sólida autonomía de actuación ao longo da súa historia. Esa autonomía tradúcese na existencia dunha recoñecida capacidade normativa, que lle dá pé a Rossi para lembrar a doutrina de Baldo respecto das relacións entre o dereito común e o dereito propio, ou o que é o mesmo, para reflexionar sobre a creación do dereito na época de esplendor e o apoxeo do sistema romano-canónico. Un conflito xurdido no século XVI por parte do cardeal Ludovico Madruzzo fai estourar en todo o seu valor a polémica xurídica que consistía na imposición dunha taxa sobre as árbores cortadas no bosque da comunidade e o posterior desprazamento destes polo río Avisio, o que implicaba a negación da potestade desta comunidade para autorregularse en materias da súa propia e exclusiva competencia, aprobando novos

estatutos sen a necesidade de obter a preventiva aprobación do superior. O que estaba en xogo era tanto a independencia económica coma a propia autonomía xurídico-política (p. 115). Necesitábase un xurista, e un dos mellores, para soster a posición do val do Fiemme. O elixido foi Tiberio Deciano, quen no seu *consilium* procede a debullar os temas máis relevantes da argumentación presentada, conforme ao estilo característico dos xuristas do século XVI, epígonos do bartolismo xurídico: unha argumentación que segue o tradicional método expositivo de tipo dialéctico. Recóllese o inédito consello do xurista. Un elemento clave na súa reflexión é o que se refire á existencia de pactos recíprocos entre os señores e as comunidades que gobernan, a regulamentación pactada que lles permite aos habitantes do val de Fiemme dispoñer de dereitos adquiridos que naceron por vía contractual e, así, non poder ser modificados unilateralmente polos príncipes titulares da potestade plena. A alegación de Deciano cita a Baldo e a Paolo de Castro no sentido de referendar a capacidade normativa orixinaria de certas comunidades baixo o substrato autoritario que inspira todo o sistema do dereito común. Como conclúe Rossi, o exemplo de Deciano, subministrado a través do seu consello, é o do xurista que non abandona o deber de buscar as razóns profundas da súa argumentación, amparadas no dereito positivo, e de impoñelas fronte ás razóns da forza ou aos condicionamentos do poder político. Este *consilium pro parte* apártase do diagnóstico severo que Alciato dera sobre estes (a venalidade e a parcialidade eran as acusacións) para adquirir a dignidade dun pronunciamento a favor da verdade que xustifica así a apoloxía do xurista consultor, non como un simple exercicio de baleira retórica (p. 136).

O profesor Luca Mannori, un dos maiores e mellores especialistas na historia do dereito administrativo, expón na súa colaboración, «La crisi dell'ordine plurale. Nazione e costituzione in Italia tra sette e ottocento», (pp. 137-180), as distintas visións que a respecto da idea de nación se deron na Italia anterior á unificación. Se a nación é un complemento indispensable da Constitución e dado que se converteu en lugar común o dogma da «soberanía nacional», é preciso proceder á designación e á fixación dos perfís daqueles elementos que integran este concepto político básico e clave para entender o desenvolvemento posterior do fenómeno constitucional liberal, é dicir, responder á pregunta de cal é a nación para identificar o suxeito político protagonista. A idea de nación, di Mannori, que se manexa no século XVIII, baixo os ditados de Francia, é tripla: a «nación de estamentos» (comunidade de todos os corpos xerarquicamente ordenados, presentes dentro dun territorio e representados conxuntamente nos seus «estados» ou parlamentos), a «nación fundiaria» (composta de propietarios contribuíntes que queren repartir os principais postos políticos en compensación á presión fiscal que padecen), e a «nación de libres lectores» (aqueles que están en condicións de facer uso público da propia razón, participando no novo discurso crítico que o iluminismo construíu na busca dun público dialogante e laico). Estas acabarán desembocando na «nación de cidadáns». A crise do pensamento ilustrado (cos seus epígonos, como é o caso dos irmáns Verri) e

a aparición dunha idea nacional italiana provocan o esgotamento deses modelos e a busca de novos debates sobre a constitución nacional que se desenvolven entre os anos 1796 e 1799. As posicións son varias no intento de harmonizar a elite e o pobo, o público culto e o público común: a nación na súa clásica acepción sieyèsiana (Melchiorre Gioia), o rexeitamento da nación de cidadáns, ao estilo francés, e a súa aplicación en Italia (Carlo Botta), a patria como encarnación das liberdades (Sismondi, Romagnosi), a busca dun pobo único conxuntado con acordo a un mesmo sistema de valores, etc. A chegada de Napoleón trunca este intenso debate dado que a «nación napoleónica» non pode máis que verse nos termos dun universo composto, incapaz de expresarse intelixiblemente por medio dunha voz unitaria, a pesar de ser esa a dirección marcada dende o poder (p. 173). O camiño ao *risorgimento* vai xestando pouco a pouco a idea dunha «nación de nacións» que frutifica na segunda metade do século XIX e que aínda hoxe en día conserva ese sinal.

Mauricio Fioravanti encárgase de albiscar os cambios na noción de estado a través do exame de varias obras capitais do século XX, «Lo Stato Moderno nella dottrina della costituzione della prima metà del novecento (1900-1940)», (pp. 181-217), que parten da aparición do traballo de Jellinek en 1900, *Allgemeine Staatslehre* e conclúe en 1940 cando Constantino Mortati publica *La costituzione in senso materiale*. Faise, así, un repaso sobre as diferentes visións que os autores mencionados (como coordenadas temporais) lle deron a un estado que pasa de ser liberal de dereito a adquirir novos perfís máis avanzados, conforme ás oscilacións que experimenta a noción de soberanía. Desfilan polas páxinas de Fioravanti o propio Jellinek e as repercusións da súa obra en Italia (sobre todo, na figura de V. E. Orlando), Santi Romano (cuxo estado é, antes de nada, un estado capaz de reformarse, de perfeccionarse dialogando con outros suxeitos que animan a realidade fragmentada na que se move o mundo do dereito, articulada e complexa, conformada por elementos ríxidos e elementos móbiles: unha Constitución elástica), Hans Kelsen, Otto Mayer e Carl Schmitt, ata concluír en Mortati.

As seguintes catro colaboracións abordan un tema recentemente tratado por Grossi no seu *Scienza Giuridica Italiana*, dentro da súa preocupación por esbozar o estado e a evolución do saber xurídico contemporáneo. Son reflexións de xuristas sobre a recente historia do pensamento xurídico italiano. Irene Stolzi ocúpase do «Gli equilibri e i punti di vista: interno ed esterno nella rappresentazione della dinamica corporativa. Un'ipotesi di dialogo tra Lorenzo Mossa e Widar Cesarini Sforza», (pp. 219-258), sobre a necesidade dun equilibrio entre o dereito público e o dereito privado no marco da crise intelectual que se suscita no período de entreguerras. Ve no estado corporativo de tipo fascista un remedio e un modelo a ese equilibrio proposto que busca compoñer as varias articulacións do poder para preservar o valor inicial e fundador da individualidade simple ou asociada, coas achegas dun privatista, Mossa, e dun filósofo do dereito, Sforza. Pola súa parte, Paolo Cappellini examina a que el se resiste a

chamar etapa mística de Carnelutti, xurista que non dubida en cualificar de poliédrico en «Qualcosa oltre le leggi. Plaidoyer per (l'ultimo?) Carnelutti», (pp. 259-283), destacando as súas reflexións sobre o dereito penal cunha visión humanizada deste. Giovanni Cazzetta, «Natura delle cose e superbia del legislatore. Giuseppe Capograssi e il diritto agrario italiano di metà novecento», (pp. 285-315), fai o propio con Capograssi e as súas relevantes achegas á construción dun dereito agrario, onde se dan a man o feito, os feitos normativos, o mundo dos feitos, as cousas e a natureza das cousas, denunciando nos seus escritos a necesidade dunha lente que lle permita considerar as dúbidas do individuo contemporáneo diante da extrema complexidade do mundo social, da automatización da experiencia e da ambigüidade do Estado social. A necesidade da unión entre a terra, o individuo e a comunidade achou no dereito agrario as súas cotas máis significativas. Esa orde xurídica susténtase sobre o acordo que é, a maioría das veces, o reverso da orde (p. 297). A formación dos acordos e a busca da orde aparecen, porén, en mans do lexislador, o que deriva nunha vaidade deste poder estatal. A reivindicación do estudo do traballo da terra, o traballo inmediato, directo e corporal, permítelle a Capograssi concluír na urxente reformulación da orde xurídica agraria sobre a base da orde fixada nos feitos e nas cousas, fóra, polo tanto, das actuacións do lexislador ou dun renovado modelo do dereito natural. Finalmente, Bernardo Sordi, «Ordine e disordine giuridico del mercato (In margine ad alcuni scritti di Tullio Ascarelli», (pp. 317-355), ocúpase das relacións entre dereito e economía, tema tamén querido por Grossi, para examinar a complexidade do mundo moderno á luz das relacións entre as dúas disciplinas apuntadas, cos cambios experimentados polo estado a raíz das unións supranacionais que marcan o tránsito cara ás novas formas de concibir o xogo do mercado, a libre competencia e a protección dos consumidores. O paso dun Keynes a un Hayek marca ese tránsito relevante, que Sordi ilumina con referencias á Constitución italiana e aos tratados constitutivos da Unión Europea. Ese estado xestor deu pé, polo propio esgotamento do modelo, a un estado regulador, pasivo se se quere, pero non indiferente. Ascarelli é quen, a nivel italiano, expuxo de forma brillante estas novas relacións.

As dúas últimas colaboracións volven a tratar temas queridos do mestre. Stefano Mannoni, «Globalizzazione, Diritto, Stato», (pp. 357-372), expón os problemas que a globalización suscita no campo do dereito. Primeiramente, Mannoni reivindica o carácter de precursor de Grossi, quen dende hai tempo se vén preocupando polos temas relacionados coa aparición dun dereito que nace antes do Estado e que, máis alá deste, combinan os elementos económicos, antropolóxicos, filosóficos e historiográficos, nunha construción que está chamada a perdurar e a deixar pegada, orixinando un coloquio sobre o pluralismo xurídico non interrompido (pp. 360-361). Mannoni pon de relevo a crise que vive o estado non en si mesmo considerado, senón na súa configuración centralizada, herdada do absolutismo e consolidada no século XIX por medio da afirmación dun monopolio do poder coercitivo e da produción normativa sobre un deter-

minado territorio. As consecuencias derivadas desta situación son, entre outras, a crise do positivismo (non do dereito positivo), a multiplicación dos centros creadores do dereito, a aparición da Unión Europea, a problemática suscitada en torno á transparencia e á democracia na sociedade internacional, que en definitiva son os corolarios desa «nova orde mundial» que se vai impondo, paulatinamente, por medios pouco ortodoxos.

No último traballo do libro, Pietro Costa volve ao tema das metáforas e das representacións, «Le api e l'alveare. Immagini dell'ordine fra antico e moderno», (pp. 373-409), examina como ao longo da historia apareceron unhas referencias constantes ás abellas e ás colmeas como elementos que exemplifican as sociedades humanas. A procura dun modelo que puidese expresar mellor que ningún outro a transformación do plural no individual dá como resultado ese recurso á natureza que explica de que forma a multiplicidade aparentemente casual dos individuos se transforma nunha comunidade política, dando lugar a unha forma de vida indivisible (p. 375). A colmea e as súas moradoras son expresión desa orde política que é, á vez, unha orde harmónica. Referencias constantes a esta identificación prodíganse na historia da literatura. Aparece en Aristóteles, en Cicerón, en Plutarco, en Virxilio, en Varrón ou en Plinio, entre os autores grecolatinos, e proxéctase baixo o seu influxo no medievo. Acólleo Ambrosio de Milán, Isidoro de Sevilla, Rabano Mauro, Hugo de San Vitor, engadindo a componse da virtude e da pureza. Por suposto, os bestiarios medievais non escapan a este influxo: Cecco d'Ascoli ou Thomas de Cantimpré. Tampouco John de Salisbury, autor dun dos máis reputados tratados políticos do medievo (o *Policraticus*), Tommaso di Aquino (*De Regimine Principum*) ou Remigio de Girolami. O pensamento renacentista segue conservando esta visión. A metáfora das abellas aparece viva e vital tamén no alborexar da modernidade, mantendo un vellelo co pasado ou comparecendo como parte dun discurso incompatible coa tradición (p. 395). Giovanni Rucellai ou Campanella amosan este entroncamento co pasado. Porén, a ruptura producirase con Hobbes. As abellas virtuosas ou a encarnación da virtude danlle paso ás abellas viciosas, a unha sociedade que non pode ser comparable coa sociedade humana porque falta a idea da artificialidade, da creación artificial inherente á comunidade política. A colmea non é o arquetipo dunha orde política propia porque é natural e non unha construción artificial. A liña de Hobbes é continuada por Mandeville, Alexis de Tocqueville e, finalmente, Maeterlink. A modernidade sepultou as pegadas do pasado, aínda que permaneceron as imaxes. Como apunta Costa, quizais a razón do éxito desta continua referencia intelectual sexa a súa capacidade non xa de suxerir unha resposta, senón de subtraerse a esta, creando unha ilusión de reflectir, con evidencia e inmediatez, no seu espello aquel misterioso *agencement* das partes e do todo que continúa a propoñerse, sempre de novo, como unha das nosas irreducibles grandes preguntas (p. 409).

A obra recolle, pois, como se puido deducir, colaboracións plurais, pero que gardan unha clara afinidade electiva e afectiva. Son temas que, dunha ou dou-

tra forma, foron abordados polo mestre agora homenaxeado e que se brindan, coa mellor das intencións e co mellor dos resultados, a unha figura capital dentro da cultura xurídica europea contemporánea. De tales pais, tales fillos, di o refrán. De tal mestre, tales discípulos. Se á categoría intelectual de Grossi se lle suma a dos múltiples discípulos que formou, o resultado non pode ser outro que este brillante compendio, esta excepcional compilación de traballos da escola florentina, sumamente recomendable para todo interesado en cuestións histórico-xurídicas afastadas do convencional e do tradicional. Puidemos observar moitos campos de traballo, dende a iconografía ata a biografía de xuristas. Todo iso cun referente común: o amor ao dereito e a responsabilidade científica, de importancia ineludible, na construción da orde e, polo tanto, da sociedade.

Faustino Martínez Martínez

*Profesor Ayudante de Facultad
Universidad Complutense de Madrid*



NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

1. Os traballos serán orixinais, non publicados nin total nin parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografiadas a dobre espazo nunha soa cara e numeradas, e incluírán, de ser o caso, e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folla á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterá abreviaturas nin notas.
5. Incluíranse co título do artigo catro ou cinco descritores a través dos que se poida clasificar o artigo.
6. Baixo o título colocarase o nome do autor ou autores, e incluírase ao pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ao pé. Acompañarase a versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ao final do manuscrito en folla á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas) situaranse ao final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

Libros:

AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

Artigos:

AUTOR (ano): Título do artigo, título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.

Nos casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).

As citas, nas notas de páxina, remitíranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.

12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismos, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegaranse o enderezo postal e o teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, para todos os efectos.
15. Os autores comprométese a corrixir as probas de imprenta nun prazo de sete días, e enténdese que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:

Revista Galega de Administración Pública

EGAP

Pol. das Fontiñas, rúa Madrid, 2-4
15707 Santiago de Compostela.
Galicia. España.